

Fundación Pública
Centro de Transfusión de Galicia

Constituíuse o Centro de Transfusión de Galicia segundo a Orde 17 de xaneiro de 1991, pola que se desenvolve o Decreto 462/1990, do 20 de setembro, e pola que se crea o Centro de Transfusión de Galicia en Santiago de Compostela, como servizo dependente do Servizo Galego de Saúde.

Por Orde do 28 de maio de 1993, derrógase a disposición anterior e créase unha fundación de interese galego.

O Decreto 276/2001, do 27 de setembro, de adaptación das fundacións sanitarias a disposición adicional sétima da Lei 5/2000 de 28 de decembro transformouna nunha fundación de natureza e titularidade pública e no seu anexo aprobáronse os actuais estatutos polos que se rixe a fundación.

No artigo 5º dos Estatutos establécese como obxecto da fundación a organización funcional da hemoterapia e a hemodoazón na Comunidade Autónoma de Galicia, o establecemento dun banco de tecidos humanos así como a realización doutras actividades que poden colaborar á consecución do obxectivo fundacional.

PLANO DE ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA PARA O ANO 2006

O Centro de Transfusión de Galicia no ano 2006, continuará dando cobertura hemoterápica á totalidade da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto nos centros públicos coma nos privados, benéfico-privados e ós dependentes do Ministerio de Defensa mediante convenios.

A actividade do Centro de Transfusión de Galicia estruturase en unidades funcionais para dar cumprimento as súas finalidades.

UNIDADE DE PROMOCIÓN DA DOAZÓN

Unidade responsable das campañas de captación de doazóns de sangue, elaboración do material divulgativo e informativo, e da preparación das saídas das unidades móbiles.

O plan de actuación desta unidade para o ano 2006 desglósase en catro niveis:

1. Campañas de doazón en concellos e comarcas

Desenvolverá as súas actividades en tódolos concellos de Galicia coa fin de acadar-la cifra de 134.000 doazóns.

Ademais esta unidade busca a colaboración dos membros das diferentes corporacións municipais, asociacións culturais, deportivas, de veciños, amas de casa, consumidores, Forzas de Seguridade do Estado, empresarios; e demais grupos sociais que puidesen contribuír a difundir-la información xerada polo CTG programando charlas e conferencias sobre a doazón de sangue.

2. Campañas de doazón de sangue na Universidade e Centros de Ensino non universitarios das catro provincias galegas, organizando dúas campañas por cada centro

Con estas actuacións preténdese a consolidación dunha ampla base de mozos doadores.

3. Campañas de doazón de sangue en institucións dependentes do Ministerio de Defensa.

Mediante convenios coa Capitanía Xeral da VI Rexión Militar e coa Capitanía Xeral da Zona Marítima do Cantábrico, vaise institucionalizando o acceso das unidades móbiles do CTG ás instalacións militares da nosa comunidade.

4. Campañas de doazón de sangue en empresas

Prevese acudir ás empresas de cen traballadores unha vez ó ano, e nas que superen os cincocentos traballadores se organizarán dúas colectas.

UNIDADE DE HEMODOAZÓN-HEMAFÉRESE

A unidade de Hemodoazón-Hemaférese ten encomendada a función de realiza-las extraccións de sangue nos puntos fixos e nas unidades móbiles.

No ano 2006 disporase de doce unidades móbiles totalmente equipadas para a extracción de sangue en toda a Comunidade Autónoma.

Así mesmo, tamén realizarase a extracción de sangue en puntos fixos dos Complexos Hospitalarios de Juan Canalejo na Coruña, Arquitecto Marcide en Ferrol, Xeral Calde de Lugo, Xeral Cíes de Vigo, Cristal Piñor en Ourense e Hospital Provincial de Pontevedra.

Neste senso, o seu obxectivo é obter 134.000 doazóns, das que 122.600 obteranse polo sistema convencional e 11.400 por aférese, todas elas procedentes da doazón de sangue altruísta e continuada, propia dun país desenvolvido.

A unidade de Hemaférese encargada da extracción de certos compoñentes sanguíneos, tales como o plasma, as plaquetas e as células proxenitoras de medula ósea, utilizando unha tecnoloxía baseada nun separador celular.

Durante 1993 púxose en marcha un programa de autotransplante con células proxenitoras de sangue periférico en colaboración co Hospital Montecelo de Pontevedra realizándose o primeiro transplante no mes de xaneiro de 1994.

Para o 2006 seguirase prestando apoio técnico e humano tanto na extracción coma na criopreservación destes compoñentes a tódolos hospitais que o soliciten.

UNIDADE DE FRACCIONAMENTO

Responsable da separación do sangue total nos seus diversos compoñentes: concentrado de hemacias, concentrado de plaquetas e plasma; ademais da súa conservación ás temperaturas axeitadas. Esta unidade atende os pedidos que diariamente recibe de tódolos hospitais de Galicia.

Os obxectivos para o ano 2006 consisten en primeiro lugar, no establecemento dos stocks reais dos hospitais incorporados, en segundo lugar no fraccionamento do 100% do sangue extraído e en terceiro na elaboración de produtos de fraccionamento de elevada calidade.

Como nova actividade deberán subministrarse plaquetas sometidas a proceso de inactivación de patóxenos.

UNIDADE DE PROCESAMENTO

É a unidade responsable da realización de probas de laboratorio que son legalmente obrigatorias en cada unidade de sangue doado.

No ano 2006 pasarán dun millón de determinacións analíticas entre as que se inclúen hemogramas, grupaxes, bioquímica sérica (ALT), seroloxía (HbsAg, Anti VIH 1-2, Ag VIH, Anti HCV, Anti HTLV 1).

UNIDADE DE CRIOPRESERVACIÓN

Unidade responsable de conxelar a baixas temperaturas mostras biolóxicas de compoñentes sanguíneos (Plaquetas, Stem-Cels ou células proxenitoras de medula ósea).

Para o ano 2006 ten previsto colaborar nos programas de autotransplante de células proxenitoras en pacientes con cancro.

Tamén ten previsto incrementa-la actividade do banco de sangue de cordón umbilical para transplante e obter 700 doazóns.

LABORATORIO DE GARANTÍA DE CALIDADE

É a unidade responsable da avaliación da calidade dos hemoderivados dende a súa extracción ata o subministro ós hospitais.

Realiza o control do 3-4% de tódalas unidades procesadas, cumprindo así as normativas máis esixentes na materia.

Para o ano 2006, preténdese incrementa-la actividade e realizará estudos confirmatorios de hepatites e retrovirus que viñan sendo realizados por institucións de fora de Galicia.

UNIDADE DE BIOLOXÍA MOLECULAR E HISTOCOMPATIBILIDADE

En 1994 púxose en funcionamento unha unidade de Bioloxía Molecular que entre outras funcións ten a responsabilidade dos estudos de histocompatibilidade (tiapxe HLA).

Mediante convenio entre a Consellería de Sanidade e maila Fundación Carreras, a Oficina de Coordinación de Transplantes iniciou os traballos para que o CTG realizase os estudos de hiscompatibilidade.

En virtude dun convenio subscrito entre o CTG e a Oficina de Coordinación de Transplantes, no ano 2005 fixéronse 250 tipaxes e estudiase a posibilidade de continuar dito convenio no 2006 con 250 tipaxes.

Realiza as probas de detección xenómica dos virus da hepatite B e C e mais da VIH para tódalas unidades de sangue.

OUTRAS ACTIVIDADES

Mantemento dos certificados de Aseguramento da Calidade, segundo a acreditación ISO, obtida no ano 1998.

O CTG, participa na Comisión Nacional de Hemoterapia encargada de elabora-las modificacións técnicas en materia de Hemodoazón-Hemoterapia.

No ano 2006 ofertaranse plasmaderivados a tódolos hospitais da comunidade autónoma procedentes do fraccionamento de plasma de orixe galega. Esta liña de actividade é moi importante de cara ó autoabastecemento de Galicia en medicamentos plasmaderivados, ademais suporá unha importante fonte de recursos para o funcionamento da fundación. Preténdese ofertar un novo medicamento a alfa 1 antitripsina.

PLAN ACTIVIDADES ANO 2006

UNIDADE FUNCIONAL	ACTIVIDADES ANO 2006
PROMOCIÓN DA DOAZÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Promoción en todos os Concellos da a Comunidade Autónoma. - Campañas en todas as facultades e escolas universitarias de Galicia. - Campaña en Centros de ensino medio de toda Galicia. - Campañas en institucións e acuartelamentos do Ministerio de Defensa en Galicia - Acordo de subministro de sangue a hospitais militares - Colectas en empresas de máis de cen traballadores. - Obtención de 134.000 doazóns de sangue
HEMODOAZÓN- HEMAFÉRESE	<ul style="list-style-type: none"> - Extracción de 134.000 unidades de sangue: 122.600 de sangue total e 11.400 de aférese - Participación en programas de autotrasplantes de "células proxenitoras de sangue periférica. - Aumentar as extraccións de aférese en multicomponentes.
FRACCIONAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de stoks reais dos hospitais incorporados. - Fraccionamento de todas as unidades de sangue extraídas. - Subministro de plaquetas sometidas a proceso de inactivación de patóxenos
PROCESAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - Realización de máis de 1.000.000 de determinacións analíticas. - Realización de hemogramas, grupaxes, bioquímica sérica e seroloxía.
CRIOPRESERVACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración en programas de autotrasplante de células proxenitoras en pacientes con cancro. Vinte pacientes o ano. - Incrementar a doazón de sangue de cordón umbilical, máis de 700 novas doazóns válidas.
LABORATORIO DE GARANTÍA DE CALIDADE	<ul style="list-style-type: none"> - Control da calidade de todas as unidades procesadas (4%). - Incrementar a actividade do laboratorio de referencia para realización de estudos confirmatorios de hepatites e retrovirus. - Aseguramento da Calidade. Manter a certificación ISO - Realización de varias probas analíticas para Hospitais que o soliciten.
BIOLOXÍA MOLECULAR	<ul style="list-style-type: none"> - Estudos de histocompatibilidade HLA. - Tipaxe HLA de pacientes hospitalarios candidatos a transplante de médula ósea autólogo e aloxénico, así coma do sangue de cordón umbilical criopreservado. Convenio ca Oficina de Coordinación de Transplantes - Realización de probas de detección xenómico a todas as unidades de sangue dos virus VHC, VHB e VIH
OUTRAS ACTIVIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Participación na Comisión Nacional de Hemoterapia - Subministro de hemoderivados elaborados a partir de plasma de orixe galego. Novo medicamento a alfa 1 antitripsina - Participación nos Comités Hospitalarios de Transfusión..

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

Miles de euros

	DEBE	HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		
APROVISIONAMENTOS	10.463	
GASTOS DE PERSOAL	8.582	
Soldos e salarios	7.106	
Seguridade Social a cargo da empresa	1.435	
Indemnizacións	0	
Contribucións a sist. complementarios de pensións	41	
Outros	0	
AMORTIZACIÓNS	550	
Do inmovilizado material	340	
Do inmovilizado inmaterial	210	
De gastos de establecemento	0	
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	0	
Variación das provisións de existencias	0	
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	
Variacións outras provisións de tráfico	0	
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	3.322	
Servicios exteriores	3.313	
Impostos sobre beneficios	1	
Outros tributos	8	
Outros gastos de xestión corrente	0	
Dotación ó fondo de reversión	0	
GASTOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	344	
De obrigas e bonos	0	
De préstamos e créditos	14	
Por descontos de efectos comerciais	330	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0	
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0	
Outros	0	
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	0	
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCIEROS	0	
A longo prazo	0	
A curto prazo	0	
SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
GASTOS ORDINARIOS	23.261	
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCÍONS	0	
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
+SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0	
-SUBVENCÍONS Á EXPLOTACION	0	
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0	
AUMENTO DAS EXISTENCIAS		616
VENDAS NETAS		22.645
Vendas nacionais		0
Exportacións		0
Prestación de servicios		22.645
INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN		0
Alugueiros		0
Outros		0
INGRESOS FINANCIEROS E ASIMILADOS		0
Dividendos		0
Xuros		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais		0
Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes		0
Outros		0
Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados		0
SUBVENCÍONS A EXPLOTACIÓN		0
Da Comunidade Autónoma		0
Doutros Entes Públicos (con detalle)		0
Doutros (especificar)		0
TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO		0
INGRESOS ORDINARIOS		23.261
PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS		0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
ORZAMENTO DE CAPITAL		
FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA		Miles de euros
	ORIXE DE FONDOS	APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	550	41
Cash-flow actividades ordinarias	550	0
Amortizacións	550	0
Provisións netas de explotación (debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	0	0
Resultado ordinario antes de subvencións	0	0
Subvencións netas á explotación	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	0
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	0
Gastos e ingresos extraordinarios	0	0
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	0	0
De sociedades públicas	0	0
Doutros (especificar)	0	0
SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	0	0
Da Comunidade Autónoma	0	0
Doutros entes públicos	0	0
Doutros (especificar)	0	0
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS	0	0
FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	0	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	0
Préstamos doutros entes públicos	0	0
Crédito oficial	0	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	0	0
Préstamos de empresas do grupo	0	0
Préstamos de empresas asociadas	0	0
Préstamos doutras empresas	0	0
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	0
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	0
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	0
Inmobilizado material	0	0
Inmobilizado inmaterial	0	0
Alleamento inmovilizado financeiro	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	0
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIÓNS FINANCIERAS	0	0
Empresas do grupo	0	0
Empresas asociadas	0	0
Outros investimentos financeiros	0	0
TOTAL ORIXES	550	341
DIMINUCCIÓN CAPITAL CIRCULANTE		209
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS		41
ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS		0
GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBIDAS		0
Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital		0
Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos		0
ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO		300
Inmobilizado material		300
Terreos e construcións		0
Instalacións técnicas e maquinaria		300
Outras instalacións, utensilios e mobiliario		0
Anticipos e inmovilizacións materiais en curso		0
Outro inmovilizado material		0
Inmobilizado inmaterial		0
Gastos de investigación e desenvolvemento		0
Propiedade industrial		0
Fondo de comercio, dereitos de traspaso		0
Outro inmovilizado inmaterial (especificar)		0
Inmobilizado financeiro		0
Empresas do Grupo		0
Empresas asociadas		0
Outros investimentos financeiros		0
ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS		0
REDUCCIÓN DE CAPITAL		0
DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS		0
A Comunidade Autónoma		0
A outros entes públicos		0
A sociedades públicas		0
A outras (especificar)		0
CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA		0
Préstamos da Comunidade Autónoma		0
Préstamos doutros entes públicos		0
Crédito oficial		0
Empréstitos e outros pasivos análogos		0
Préstamos de empresas do grupo		0
Préstamos de empresas asociadas		0
Doutras débedas		0
De provedores de inmovilizado e outros		0
TOTAL APLICACIÓNS		341
AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE		209

VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	
-Aumento das existencias	616
-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0
-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	185
-Aumento debedores das Admóns.públicas	0
-Aumento contas financeiras	23
-Aumento axuste pola periodificación de activos	50
□ ACTIVO CIRCULANTE	874
-Redución das existencias	0
-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas	620
-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	0
-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	45
∇ PASIVO CIRCULANTE	665
VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	209

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006	
BALANCE DE SITUACIÓN	
FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA	Miles de euros

ACTIVO	2.004	2.005	2.006	
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos	0	0	0	
Gastos de establecemento	0	0	0	
Inmobilizado inmaterial neto	910	925	715	
Inmobilizado material neto	526	575	535	
Provisións do inmaterial non financeiro	0	0	0	
Inmobilizado financeiro neto	3	3	3	
Accións propias	0	0	0	
Gastos para distribuir en varios exercicios	39	43	43	
Accionistas por desembolsos esixidos	0	0	0	
Existencias	9.863	10.371	10.987	616
Debedores ordinarios	3.915	6.102	6.287	185
Debedores administracións públicas	0	8	8	0
Contas financeiras	1.011	174	197	23
Axustes por periodificación	55	165	215	50
TOTAL ACTIVO	16.322	18.366	18.990	

PASIVO	2.004	2.005	2.006	
Fondos propios	4.072	4.102	4.102	
Subvencións en capital	0	0	0	
Diferencias positivas de cambio	0	0	0	
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0	
Provisións para riscos e gastos	0	0	-41	
Acredores a longo prazo	574	1.862	1.862	
Acredores a curto prazo, ordinarios	11.443	12.094	12.714	620
Acredores a curto prazo, administracións públicas	233	232	232	0
Provisións para operacións de tráfico	0	76	76	0
Axustes por periodificación	0	0	45	45
TOTAL PASIVO	16.322	18.366	18.990	

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA	Miles de euros	

	2.004	2.005	2.006
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	591	560	550
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	-283	702	186
Existencias	1.942	958	616
Debedores excepto Administracións Públicas	-1.322	-747	185
Axustes pola periodificación de activos	9	6	50
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	0	0	0
Acredores de administracións públicas	0	0	0
Acredores excepto administracións públicas	-912	485	-620
Axustes por periodificación pasivos	0	0	-45
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIONS	874	-142	364
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	216	330	0
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	0	0	0
Subvencións á explotación	0	0	0
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	253	330	0
Alleamento de inmovilizado	0	0	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	-37	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	1.090	188	364
Menos : DOTACIONS	-823	-1.025	-341
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	17	0	0
Inmovilizado material	296	650	300
Inmovilizado inmaterial	165	0	0
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Redución de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	0
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	345	335	0
Provisións para riscos e gastos	0	40	41
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	267	-837	23
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	744	1.011	174
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	1.011	174	197

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006	
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	
FUNDACIÓN PÚBLICA CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA	Miles de euros

	2.004	2.005	2.006
Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación	18.369	21.364	22.645
Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso	2.167	958	616
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	0	0
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	20.536	22.322	23.261
Menos : Aprovisionamentos	9.952	11.275	10.463
Menos : Gastos externos e de explotación	3.099	3.164	3.321
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	7.485	7.883	9.477
Menos : Outros gastos	39	0	0
Menos : Gastos de persoal	6.510	7.082	8.582
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	936	801	895
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	541	560	550
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico	0	0	0
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	395	241	345
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuir imputados	35	5	0
Menos : Gastos financeiros	401	245	344
Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras	0	0	0
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	29	1	1
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	0	0	0
Menos : Variación das Provisións do inmovilizado	0	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓN	29	1	1
Máis : Subvencións netas á explotación	0	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	29	1	1
Menos : Impostos sobre sociedades e outros	0	1	1
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	29	0	0

O.K.

